

A cooperativa e WWF colaboran desde o 2004

EROSKI SÚMASE UN ANO MÁIS Á CAMPAÑA “A HORA do PLANETA” PROMOVIDA POR WWF

- **O vindeiro sábado EROSKI sumarase ao apagamento simbólico da maior iniciativa global en defensa do medio natural, que este ano ten por lema “Apaga a luz. Defende o Planeta”**
- **EROSKI e WWF colaboran desde hai dúas décadas para promover un consumo máis responsable**

Elorrio, 21 de marzo do 2025.- [EROSKI](#) súmase por décimo cuarto ano consecutivo á campaña [“A Hora do Planeta”](#) promovida por [WWF](#) co respaldo de Nacións Unidas, realizando un apagamento simbólico nos rótulos dalgunhas das súas tendas e plataformas loxísticas, e na páxina web www.consumer.es da Fundación EROSKI, que seguirá activa cunha luz atenuada de menor intensidade. Ademais, espallará a iniciativa na súa páxina web e redes sociais, e entre as súas persoas traballadoras. Millóns de persoas de todo o mundo apagarán a luz durante unha hora (entre as 20:30 e as 21:30 hora local) mañá, sábado, 22 de marzo, para concienciar o mundo sobre a importancia do medio natural e a loita contra o cambio climático.

A Hora do Planeta é o maior movemento global a prol da natureza e ten como lema este ano “Apaga a luz. Defende o Planeta”. Durante esta iniciativa, nacida en Sidney (Australia) no 2007 e na que participan millóns de persoas de máis de 190 países e territorios, apáganse as luces dos monumentos e edificios máis emblemáticos do mundo, amais de nos fogares e empresas, como símbolo da loita contra o cambio climático e a perda de biodiversidade.

“Un ano máis, EROSKI únese a esta iniciativa de WWF, que se converteu na maior acción global de sensibilización en defensa do medio natural coñecida ata o momento e nun símbolo para chamar a atención sobre o problema do cambio climático. Os consumidores son cada vez máis esixentes cos criterios de sustentabilidade e en EROSKI traballamos para lles facilitar un consumo máis

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa Tel: 946 211 214
PATRICIA MARTÍN SANCHIDRIÁN

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL Tel: 944 158 642
EDURNE IZQUIERDO

[Sala de prensa online](#)

responsable”, sinalou o director de Saúde e Sustentabilidade de EROSKI, Alejandro Martínez Berriochoa.

O gran reto para o Planeta: camiño ao 2030

2024 foi o ano máis cálido desde a revolución industrial, superando en máis de 1,5 °C a temperatura media do Planeta, límite que non debemos superar se queremos evitar impactos irreversibles que se convertan en emerxencias sociais, como a trágica Dana que sufrimos no Levante español con consecuencias catastróficas. E a resposta é insuficiente: os cumios climáticos non logran avances significativos, seguimos a depender dos combustibles fósiles e o negacionismo climático aumenta.

Por iso, EROSKI redobrou os seus esforzos en materia de sustentabilidade e un dos fitos máis importantes é o seu ambicioso compromiso de alcanzar as cero emisións netas de gases de efecto invernadoiro no 2050. Este reto atópase enmarcado na súa adhesión ao *Código de Conduta sobre negocio responsable de alimentos e prácticas de márketing* da Unión Europea.

Para acadar este obxectivo, EROSKI estableceu unha folla de ruta apañcada na mellora da eficiencia enerxética dos seus procesos e instalacións, na adquisición de enerxía de fontes renovables, na incorporación de opcións de mobilidade sostible e na colaboración coa súa cadea de valor para minimizar o impacto dos seus produtos e servizos, entre outras accións.

EROSKI logrou dúas estrelas Lean & Green por reducir un 30% as súas emisións de gases de efecto invernadoiro nas súas actividades loxísticas. O pasado ano incorporou o seu segundo camión eléctrico na distribución de última milla, que axudará a alcanzar o novo obxectivo que se fixou de redución do 35% de emisións con respecto ao 2015 para alcanzar a terceira estrela Lean & Green.

Ademais, EROSKI implementa progresivamente na súa rede as medidas do seu novo modelo enerxético de tenda, que inclúe accións como iluminación LED, mobiliario de frío cos últimos avances en I+D, climatización máis eficiente e refrixerantes con menor potencial de quecemento global, entre outras accións de mellora ambiental.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
PATRICIA MARTÍN SANCHIDRIÁN

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

Exemplo diso son a súa tenda de Lakua-Arriaga, a súa plataforma de Júndiz de Vitoria-Gasteiz ou a plataforma de Zal en Barcelona, que contan coa certificación Leed Gold, un selo que acredita que o edificio é máis sostible e que se construíu baixo uns esixentes estándares de ecoeficiencia.

Adicionalmente, EROSKI deu un paso máis no seu acordo de colaboración con Iberdrola e ambas traballan xuntas para reducir a pegada de carbono de todos os centros da cadea de supermercados a través de diferentes solucións de electrificación. Deste xeito, os establecementos e sedes de EROSKI reducirán as súas emisións xeradas e poderán aforrar na súa factura enerxética a través de diferentes actuacións. A electricidade procedente de fontes renovables é a solución enerxética máis eficiente, que permite á súa vez a independencia dos combustibles fósiles.

EROSKI reduciu a súa pegada de carbono de alcance 1 e 2 máis dun 50% desde o 2017, o que supuxo evitar ao ano a emisión de 172.064 toneladas de CO₂ eq., é dicir, aproximadamente as emisións de máis de 95.000 coches en España circulando 10.000 km.

Doutra banda, EROSKI traballa para minimizar o impacto dos produtos que comercializa, cunha gama de máis de 2.100 referencias con certificacións de sustentabilidade, como o selo ecolóxico MSC, GlobalG.A.P. ou FSC®, entre outros. Ademais, pon en marcha accións de colaboración coa súa cadea de valor como o seu Programa de Acompañamento a Produtores Locais, co que axuda a mellorar a sustentabilidade do sector agroalimentario, cun apoio especial ás empresas máis pequenas. Ademais, continúa coa mellora dos seus envases para reducir a súa pegada plástica e incrementar a súa reciclabilidade, con máis de reducindo o plástico e mellorando a reciclabilidade dos seus envases, con máis de 400 referencias ecodeseñadas.

Máis de 20 anos de colaboración

EROSKI e WWF colaboran en distintas iniciativas desde hai máis de 20 anos para o desenvolvemento de distintas políticas ambientais no tocante á mellora na eficiencia enerxética, á promoción dun consumo máis responsable, á promoción da

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
PATRICIA MARTÍN SANCHIDRIÁN

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)



pesca sostenible e ao lanzamento de produtos de marca propia EROSKI con boas prácticas sostenibles.

Doutra banda, WWF segue a desenvolver contidos pedagóxicos para un módulo específico sobre sustentabilidade dentro do Programa Educativo sobre Alimentación e Hábitos Saudables que desenvolve a [Escola de Alimentación da Fundación EROSKI](#) en colaboración con centros escolares de toda España.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
PATRICIA MARTÍN SANCHIDRIÁN

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

**EROSKI – OFICINA DE PRENSA
CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)